



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G003/000130

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Campañas de Publicidad e Imagen Corporativa San Valentín 2026)

Ante a proposta do Concelleiro de Promoción Económica para a aprobación das bases da campaña de promoción das compras no comercio local polo San Valentín 2026 e por todo o que antecede e segundo a competencia que lle outorga o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía:

### RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguintes bases:

#### 1. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto destas bases é o de regular a participación na Campaña de promoción e fidelización do consumo no Comercio Local no «Día San Valentín en Sada», que comezará o luns, 9 e rematará o sábado 14 de febreiro de 2026.

#### 2. PARTICIPACIÓN COMERCIOS

Poderá participar calquera establecemento comercial con sede en Sada. No seu caso deberán inscribirse previamente, facéndonos chegar o formulario de inscrición para comercios (ANEXO 1) a través do Rexistro Municipal.

Prazo de inscrición: dende a publicación destas bases ata o 8 de febreiro. O concello entregará un talonario de papeletas e cartelería da campaña a cada establecemento que participe.

#### 3. PROMOCIÓN DÍA SAN VALENTIN

O Concello de Sada difundirá a través dos seus medios (web/rrss/pantallas de rúa) a listaxe de comercios participante na campaña. A campaña comenizará o 9 e rematará o mesmo sábado, 14 de febreiro. Nestas datas as persoas que se acheguen a mercar nos comercios inscritos recibirán coa súa compra unha papeleta para un sorteo de varios lotes. O sorteo terá lugar o día 18 de febreiro na terceira planta do edificio administrativo do concello e publicaranse os números premiados na paxina web e nas redes sociais do concello.

#### 4. PREMIOS

Esta campaña faise en colaboración coa Asociación de Comerciantes de Sada ACESADA e os premios serán

1º Pack de escapada termal para dúas persoas + ramo de flores

2º Flores + dulces (Acesada)

3º Flores + dulces (Acesada)

#### 5. CONFORMIDADE

Os establecementos participantes coa súa participación dan conformidade e aceptan o contido das presentes bases na súa totalidade. O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía

Sada, na data da sinatura dixital.

O Concelleiro de P. Económica, Turismo e Participación Cidadá,



CONCELLO DE SADA

Ricardo Berrocal

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## ANEXO I

### PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA SAN VALENTIN EN SADA

NOME ESTABLECEMENTO:

NÚMERO DE TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

Sada a .....de Febreiro de 2026

Asinado:

Segundo.-Publicar esta resolución na páxina web municipal [www.sada.gal](http://www.sada.gal).

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.